




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Porto do Son. Parroquias: San Vicente de Noal a maior parte, Santa María de Nebra ao sueste, e San Pedro de Baroña na esquina suroeste. Extensión: 4,42km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Enseada dividida por un pequeno saínte rochoso, e recuberta por depósitos areosos de praia ao pé dunha ampla chaira costeira que se estende cara ao sueste ata alcanzar as estribacións da Serra do Barbanza. Aínda que os relevos que delimitan esta depresión son en primeiro termo de litoloxía granítica, os recubrimentos metamórficos interiores permiten a incisión fluvial xerando vales encaixados de vertentes pronunciadas. Dentro destas formacións destaca o val do Porto Vello como o de máis forte repercusión no relevo.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dúas especies rochosas compoñen a unidade, dominando o granito hercínico de dúas micas de gran medio a grosso, con orientación por deformación, "Tipo Barbanza". Existen áreas non moi extensas de xistos con niveis de cuarzitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, con idade precámbrico-silúrica, nas zonas do Outeiro e Monte de Toura, no leste e nordés da unidade, e na ladeira baixa norte do Monte da Enxa, no sector meridional. O Cuaternario conta con depósitos importantes: holocenos areosos nas praias de Caveiro e Suigrex; así como pleistocenos, na chaira costeira traseira máis próxima a estas praias, según o Mapa Xeolóxico Nacional que a etiqueta como de praias "antigas e rasa litoral".

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Fachada costeira con réxime ombrotérmico Cálido e Húmido caracterizado por medias anuais de temperatura por encima de 15°C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1200mm e 1400mm. A cabeceira do val, entre os montes Dordo e Enxa, é máis húmida e fresca incluíndose no dominio Tépedo e Moi Húmido, xa que as medias térmicas se sitúan entre 13°C e 14°C e a precipitación media anual supera os 1400mm, alcanzando máximos de 1800mm nos puntos máis elevados.

#### OS SOLOS

Leptosols líticos na parte alta dos montes Dordo ao oeste e Enxa ao sur, con importante presenza de afloramentos rochosos na superficie. A vertente está formada fundamentalmente por cambisols dístricos e eútricos máis profundos e desenvolvidos no fondo do val. A franxa costeira está formada por arenosais en torno ao complexo sedimentario de Caveiro.

#### AS AUGAS

O complexo sedimentario formado polas praias do Son e de Suigrex, en contacto coas Augas Costeiras de Porto do Son (20172), recolle as augas de escorrentía canalizadas polo val entre as ladeiras de Monte Dordo e Monte da Toura, a través do arroio de Porto Vello.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de costa mixta con dominio sedimentario, aparecendo o grupo 21 de hábitats, dunas marítimas atlánticas, de maneira degradada na praia de Cabeiro. Non existen masas de frondosas de gran entidade. As típicas agrupacións de frondosas de recolonización que aparecen nas zonas agrícolas das diferentes aldeas só se pode sumar algún bosque de ribeira (91E0) no Rego de Portovello. Nas partes altas existen algúns afloramentos graníticos que suman o ambiente dos hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, entre áreas co hábitat 4030 de breixeiras secas europeas.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A metade sur da unidade onde atopamos as elevacións montañosas está totalmente ocupada polo uso forestal con repoblación de piñeiro marítimo e algúns eucaliptos. Os asentamentos sitúanse nunha chaira afectada pola concentración parcelaria. Existen algúns núcleos de uso residencial vinculados á actividade agrícola tradicional. Na franxa costeira apréciase a influencia do núcleo urbano de Porto do Son pola presenza de novos asentamentos espontáneos e equipamentos de tipo educativo e relixioso, así como algunhas naves de uso industrial. Desde o punto de vista turístico destacan as praias de Caveiro e Suigrex que favoreceron o desenvolvemento de actividades como o cámping e unha área recreativa. A masa forestal de repoblación de piñeiro marítimo aparece outra vez no Monte Caveiro, próxima á praia do mesmo nome.

#### MORFOLOXÍA

Os núcleos rurais de Noal, O Outeiro, Cabanela e Laranga espaxados no parcelario agrícola existente responden á morfotipoloxía tradicional. O resto dos asentamentos atópanse dispersos pola unidade, habendo maior densidade nas proximidades da estrada AC-550 que comunica as poboacións da comarca. Tamén destacar a presenza na franxa costeira de construcións agrupadas e chalés destinados ao uso residencial orientado ao turismo, que non responden á morfotipoloxía tradicional.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 é a vía de comunicación dos núcleos da comarca, e a partir desta existe un armazón de estradas e camiños que estruturan o parcelario existente. Tamén desde a AC-550 parten outros viarios que dan acceso ás praias e ás edificacións situadas na franxa costeira.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A parroquia de Noal destaca pola súa abundante arquitectura relixiosa, por exemplo a igrexa de San Vicenzo, a capela de Loreto e varios cruceiros. Como patrimonio arqueolóxico destacar a presenza de asentamentos primitivos como mostran os achados de petróglifos e mámoas, e os restos da fortaleza de Castelo (BC) na parroquia de Noal.



**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A unidade está situada nunha chaira costeira, claramente influenciada pola cercanía do núcleo urbano de Porto do Son, aínda que responde máis ao carácter rural cun denso parcelario agrícola aproveitado pola suavidade do relevo sobre o que se asenta. Os areas de Caveiro e Suigrexas sobre unha enseada son de gran interese turístico e relacionan á unidade cos usos propios da comarca. A extensa masa forestal na metade sur sobre unha montaña de pendente considerable dota á unidade de certo carácter montañoso.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Os parámetros que definen a singularidade das paisaxes da comarca de Muros e Noia e a comarca da costa de Porto do Son e Corrubedo aprécianse nesta unidade. En xeral estes parámetros veñen determinados pola cercanía dos asentamentos ao litoral, e neste caso concreto, ás praias de Caveiro e Suigrexas conferindo aos mesmos un alto valor turístico. O contraste da chaira litoral e as montañas ao fondo dotan dunha exclusividade que se reflicte nun fondo escénico de singular beleza. Elementos como os de tipo patrimonial son un valor engadido. A parroquia de Noal destaca pola súa abundante arquitectura relixiosa, por exemplo a igrexa de San Vicenso, a capela de Loreto e varios cruceiros. Como patrimonio arqueolóxico destaca a presenza de asentamentos primitivos como mostran os achados de petróglifos e mámoas. O Monte Enxa a unha altitude de 525 m, ofrece unha ampla panorámica das rías de Arousa, Muros-Noia e da propia unidade.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





